


RECOMENDACIONES

LETRAS GALEGAS

CEIPP DE BAÑO-XANZA




EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CICLO DE EP



A CADELIÑA ALMA NARRA EN VERSOS FERMOSES A SÚA VOLTA A CASA NA COMPAÑA DUN PARDAL.

Alma, unha cadeliña bonita regresa triste ao seu fogar porque os nenos non xogan con ela. Pérdese na noite e durme lonxe da casa. Ao mencer acorda soa e reemprende o camiño de volta, preguntándose se ao chegar onda a súa familia recibirá un tirón de orellas.





Este libro de María Victoria Moreno reúne tres contos de animais escritos en verso e ilustrados por Manolo Uhía: "Xa non teño medo", "Can branco, can negro" e "¿Un cachiño de bica?". Xan vive nunha cidade e ten medo cando se vai deitar; grazas a unha chorumiña comprobará que no ceo sae a lúa e florece o sosego na terra escura. Nicolau é un canciño que foi recibido por todos con aloumiños e festas, mentres que Correcamiños naceu na beiravía da estrada; ambos os dous un bo día xuntaranse nun arrabalde perdido e unirán para sempre o seu destino. Iván coida a Nica, unha cadela ben xeitosa, á que moito lle gusta os cachiños de bica. Tres contos para todos os nenos e nenas de sete anos en diante que buscan o amor nos olliños doces de mel dun can de bondadosas orellas.





Velaquí un pequeno clásico da literatura infantil galega recuperado na súa edición orixinal, coas ilustracións dos fillos de Xohán Ledo. Este libro foi escrito para Ana, unha nena que se foi de Galicia cando tiña dous anos. Para que non esquecese a súa terra, e para que soubese das cousas que acontecían na súa ausencia.



Podería pasar o día enteiro cos ollos pechados, se non fose por Gato. Grazas a Gato, a vida de Uxía é máis divertida. Grazas a Uxía, Gato empeza a entender mellor o mundo.

trougly believe
moment

earn. com
tation



Toribio ten que axudarlle á súa amiga Sara, inventora do Contador de Contos con Efecto Retardado, ante unha sabotaxe do profesor Smith.

Un dos libros da serie protagonizada por Toribio e creada por Carlos Casares para achegarse aos máis pequenos con historias divertidas e construtivas.




Un domingo, á espera dunha enorme caravana, a Toribio ocorréuselle unha gran idea: o Adiantador Liñal de Seguridade.

Un dos libros da serie protagonizada por Toribio e creada por Carlos Casares para achegarse aos máis pequenos con historias divertidas e construtivas.


2º CICLO DE EP



A súa primeira achega á narrativa; un texto que é unha biografía emocional dunha infancia que se proxecta, vizosa, cara aos nosos días. Unha descuberta dunha sensibilidade magnífica. Un acontecemento literario que se abeira, ademais, ao traballo dunha grande ilustradora como Luz



Poema ilustrado que trata de incentivar a creatividade e a imaxinación dos lectores e lectoras máis pequenas, cun libro divertido que, ademais, axuda a formar a súa personalidade. Que quería dicir Rosalía no seu famoso poema? Como o imaxina un neno deste século? Dúas posíbeis versións recreadas polo ilustrador Rodrigo Chao.




Por culpa do fachendoso galo Don Pío, as galiñas e os paxariños son as únicas criaturas que non poden vivir en liberdade na aldea. A envexa e ambición que sinte son tan grandes que o levarán á soidade máis absoluta.



Velaquí unha das historias máis divertidas da literatura galega. Unha historia para ler e para representar. Unha historia que se deixa estonar. Tan saborosa coma unha laranxa.



Lolo ten o soño de andar en bicicleta, mesmo de ter unha bici de seu. Pero Lolo fixo un día unha trasnada das gordas e os Reis Magos, no canto de bici, deixáronlle carbón. De todos modos, Lolo empeza a practicar coa bici do seu pai ás agachadas.




DELFINA, A CRIADA DA CASA DO NARRADOR CANDO ERA NENO, CONTA HISTORIAS DA PESCA DO POLBO. EN PARTICULAR A DUN POLBO ENORME QUE FOI CAPAZ DE AFUNDIR A EMBARCACIÓN DO CAPITÁN LOBO NEGRO.



3º CICLO DE EP



En 1996 Xela Arias publica «Darío a diario», un libro de poemas dedicado ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade.




As pitas baixo a choiva é un relato breve que narra un feito anecdótico da infancia do autor. Descubre o neno desde a fiestra da casa que as pitas estanse a mollar e el téntaas facer entrar ó galiñeiro; elas asústanse e, ao final, todos os membros da familia acaban mollados como pitos





Antón e o seu can Leonardo protagonizan unha historia para todas as idades. É unha narración que se publicou por primeira vez no ano 1986 e que desde entón se convertiu nun dos libros máis buscados por pequenos e grandes, pois aínda que foi escrito pensando en lectores de doce anos, ó final, como sucede con toda literatura de calidade, acabou sendo unha obra para todos. Conta as historias que lle suceden a Antón e mais a Leonardo. O primeiro é un neno que se chama Antón Andrade Asorei e que cursa oitavo. O segundo, a pesar do nome, non é un rapaz, senón un can polo tanto carece de apelidos. Ó longo do libro suceden moitas cousas, tanto a Antón como a Leonardo. Quen as conta é Antón. E sabe contalas moi ben.



Na pequena aldea de Vilaxeada vive Minia Senín, velliña de cabelos brancos e ollos tenros. Devecendo polo agarimo dos seus veciños, chora miudiño ata que un día o seu amigo o sol cambiará a súa sorte. A través dun contiño entrañable e de gran sensibilidade, a autora mergulla nos nosos sentimentos despertando a tenrura e lembrándonos que non custa nada repartir aloumiños a esgalla.